

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E A FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA PARA O APOIO Á CELEBRACIÓN DE TUREXPO GALICIA 2026, XV EDICIÓN DO SALÓN TURÍSTICO DE GALICIA

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2026

REUNIDOS

Por unha parte, D. José Manuel Merelles Remy, director da **Axencia de Turismo de Galicia**, en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 75/2024, do 22 de abril (DOG núm. 81, do 24 de abril), e conforme ás facultades que lle confire o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 135/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27 de maio), que desconcentra na persoa titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, de acordo co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia de Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

Doutra parte, D. Ricardo José Durán Rodríguez, en representación da **Fundación Semana Verde de Galicia** constituída mediante escritura notarial nº 218 de data 16 de marzo de 1991, e acreditando a súa representación en función de seu cargo de Director Xeral a través da escritura notarial nº 1136 de data 27 de decembro de 2013.

As partes que interveñen en función dos seus respectivos cargos no exercicio das facultades que teñen conferidas para conveniar en nome das entidades que representan,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia, é a entidade da Xunta de Galicia á que lle corresponde o exercicio,

entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo dentro da comunidade autónoma.

Que no exercicio das súas funcións, a este órgano correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Segundo.- Que a Fundación Semana Verde de Galicia é unha fundación do sector público de Galicia, nos termos previstos na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público e autonómico de Galicia, constituída no ano 1991, quedando baixo Protectorado da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

A Fundación ten entre os seus obxectivos a dinamización de sectores estratéxicos da economía galega no recinto Feira Internacional de Galicia, para o que dispón da probada solvencia técnica e profesional e económico-financeira así como das infraestruturas e instalacións precisas, con capacidade para a promoción nacional e internacional das actividades que no devandito recinto se desenvolvan.

En consonancia con estes obxectivos institucionais, a dita Fundación é impulsora da organización e celebración da feira profesional relativa ao **fomento do sector turístico galego** denominada Turexpo Galicia. Esta feira ten por obxectivo poñer en contacto a oferta turística galega con maioristas nacionais e internacionais, ofrecendo un espazo no que se combinan de forma efectiva promoción, negocio e encontro sectorial.

Esta XV edición do Salón Turístico de Galicia, *TUREXPO GALICIA 2026*, e tralos excelentes resultados do ano 2025, proxéctase seguindo a súa formulación inicial como unha ferramenta de promoción da industria turística da Comunidade Autónoma de Galicia e como unha plataforma de comercialización internacional da súa oferta. Ademais nesta convocatoria búscase a súa potenciación como espazo de converxencia do sector.

Terceiro.- Que o presente convenio de colaboración implica a concesión dunha subvención directa ao abeiro do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por parte da Axencia de Turismo de Galicia. Esta Axencia entende que é de interese público para o turismo de Galicia a participación nesta feira profesional e encontros internacionais de negocio, en orde á promoción nacional e internacional da oferta turística galega e para o maior desenvolvemento e coñecemento da realidade e potencialidade da nosa Comunidade Autónoma como receptores dun turismo fundando na estratexia da calidade, razóns que xustifican o interese público para o outorgamento da subvención.

Así mesmo, e dado que se trata da única feira profesional do turismo na nosa Comunidade Autónoma, na que se pon en contacto a oferta turística galega con maioristas nacionais e internacionais, ofrecendo un espazo no que se combinan de forma efectiva promoción, negocio e encontro sectorial, e que está organizada en exclusiva pola Fundación, non é posible promover unha convocatoria pública, aos efectos establecidos nos artigos 19.4.c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Cuarto.- Que a Axencia de Turismo de Galicia e a Fundación consideran necesaria a celebración dun convenio de colaboración para a realización da feira profesional Turexpo Galicia XV Salón Turístico de Galicia, e dos encontros programados nela, para o fomento e promoción turística de Galicia.

Esta colaboración económica financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.743.01 "Fundación Semana Verde de Galicia", dos orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2026.

A tal efecto, as partes subscriben o presente convenio que se suxeitará ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

O obxecto do presente convenio é regular as bases de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Fundación Semana Verde de Galicia para a organización e celebración da feira profesional *TUREXPO GALICIA 2026*, XV Salón Turístico de Galicia, que terá lugar do 4 ó 7 de xuño de 2026, e que nesta edición se levará a cabo mediante dúas actuacións, que terán lugar de forma conxunta no mesmo momento do ano, e que permitirán unha maior promoción do sector turístico galego e unha optimización dos recursos económicos aplicados a este fin, e que son:

Primeira actuación: Área de negocio, cunha Bolsa de Contratación Turística, e exposición comercial de produtos e servizos da industria turística.

A Bolsa de Contratación Turística é un foro organizado para propiciar o intercambio de información e negocio sobre produtos e servizos turísticos entre profesionais do sector.

O seu principal obxectivo é o de poñer en contacto a oferta turística galega (maioristas de receptivo, axencias de viaxe, cadeas hoteleiras, institucións ou colectivos que oferten paquetes turísticos, servizos turísticos, OPC's, ...) con turoperadores e maioristas de turismo emisor internacionais, de maneira que este programa sirva para promover Galicia como destino turístico recoñecido a escala internacional.

Tamén pretende atraer a turoperadores e maioristas de viaxes especializados para que teñan a oportunidade de coñecer de primeira man a extensa oferta turística de Galicia e realizar un primeiro contacto directo coas empresas do sector.

Está programada unha participación aproximada de 20 turoperadores estranxeiros e nacionais. As reunións de traballo levaríanse a cabo en horario de 09:30 h a 13:00 h e de 16:00 h a 19:00 h, con encontros axendados cada 20 minutos. A organización das axendas organizaríase en función dos intereses de ambas partes con respecto ó tipo de produto presentado. Os turoperadores indicarán na ficha previa de inscrición os produtos e servizos de interese. E a oferta participante tamén indicará na ficha previa de inscrición o seu perfil profesional, os seus mercados preferentes e a descrición dos produtos e

servizos turísticos ofertados. Farase un cruce de datos que configurará as axendas definitivas que serán remitidas a todos os participantes.

Para esta edición contéplase a posibilidade de celebrarse coincidindo coa Feira Internacional Semana Verde de Galicia, o que posibilitaría unha maior vinculación directa co entorno.

De forma complementaria a Bolsa de Contratación Turística, organizarase unha pequena área de exposición, centrada para esta edición en poder mostrar os participantes todos os recursos turísticos naturais, patrimoniais, culturais e gastronómicos que ofrece Galicia.

A relevancia, prestixio e repercusión nacional e internacional que tradicionalmente acadan as accións da Fundación, os contratos e negocios económicos que poden derivarse da Bolsa de Contratación xunto coa capacidade para captar demanda turística de Galicia que presenta o devandito foro negocial, a organización en exclusiva do evento pola Fundación, por unha parte motivan a implicación da Axencia de Turismo de Galicia na celebración da feira profesional Turexpo Galicia 2026 e por outra parte son causas que implican a imposibilidade de promover a concorrência.

Segunda actuación: Feira das Festas de Interese Turístico Festur.

Posicionada como o maior certame multisectorial de mostras e ocio do noroeste peninsular, a Feira Internacional Semana Verde de Galicia deseña para a edición deste ano 2026 unha proposta que revalidará a súa condición de referente feiral. Así, incorporará novos contidos que reforzarán o seu atractivo para o público e o mesmo tempo permitirá a novos sectores, colectivos ou entidades formar parte dun espazo no que a promoción está garantida tanto pola súa magnífica afluencia, máis de 100.000 persoas cada ano, como pola súa repercusión mediática.

Para esta edición, a Fundación ten programada a celebración da XII Feira das Festas de Interese Turístico Festur, que constituirá un atractivo escaparate das celebracións galegas recoñecidas como de "Interese Turístico".

Festur quere ser un espazo pensado para potenciar a difusión destas mostras culturais e gastronómicas a través do gozo do público asistente á Feira Internacional Semana Verde de Galicia.

Galicia destaca polo seu importante número de Festas de Interese Turístico, máis de cen, que nos posicionan como unha rexión con especial atractivo dende o punto de vista do turismo, tanto para visitantes doutras comunidades como para os propios galegos.

Esta potencialidade de Galicia, unida ó carácter comercial e lúdico da Feira Internacional Semana Verde de Galicia, converten a Feira das Festas de Galicia Festur nunha excelente oportunidade para que estas celebracións destacadas pola súa antigüidade, arraigo popular e orixinalidade, se dean a coñecer á sociedade galega e á demanda interna do turismo.

Trátase de crear, un ano máis, un espazo diferenciado dentro da XLVII Feira Internacional Semana Verde de Galicia que outorgue notoriedade a esta feira Festur e permita convertela nunha proposta con peso propio e contido específico dentro do certame. Proponse facilitar a cada Festa de Interese Turístico un espazo habilitado un stand individual, que lle permita á delegación participante mostrar todos os atractivos da súa Festa, e explicar os asistentes e visitantes as súas características e particularidades, servindo como plataforma de promoción directa.

Segunda.- Orzamento e financiamento e gastos subvencionables

1. O orzamento estimado para a celebración do Turexpo Galicia 2026 XV Salón Turístico de Galicia ascende a 130.000,00 € que se distribúen como se sinala a continuación por cada unha das actuacións establecidas na cláusula primeira.

O orzamento estimado para a primeira actuación ascende a 115.000 € que se distribúen deste xeito:

Conceptos	Custos
Montaxes da zona expositiva e bolsa de contratación turística	67.500 €
Transporte, manutención, e aloxamento dos asistentes á bolsa de contratación turística	20.000 €
Loxística diversa da bolsa de contratación	12.500 €
Servizos de seguridade e limpeza	8.000 €
Promoción e publicidade	7.000 €
TOTAL	115.000 €

O orzamento estimado para a segunda actuación ascende a 15.000 € que se distribúen do deste xeito :

Conceptos	Custos
Montaxes da zona expositiva	5.000 €
Transporte e manutención dos participantes	5.000 €
Promoción e publicidade	2.000 €
Servizos de seguridade e limpeza	2.000 €
Loxística diversa	1.000 €
TOTAL	15.000 €

Deste orzamento a Axencia de Turismo de Galicia financiará a contía de **130.000,00 €** (100%), con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.743.01 "Fundación Semana Verde de Galicia", proxecto 2017 00003, dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026. A achega que fai a Axencia de Turismo de Galicia para a realización das actuacións só cubrirá o custo da realización da actividade sen que a Fundación obteña beneficio ou lucro industrial algún con dita achega.

2. Con carácter xeral, e de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse **gastos subvencionables** aqueles que de xeito indubidable responden á natureza da actividade subvencionada e que se realicen **a partir do 1 de xaneiro de 2026**.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado recollidos no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non serán subvencionables. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Sen prexuízo do anterior, na contratación externa que poida efectuar a Fundación Semana Verde para levar a cabo as actuacións expresamente subvencionadas no convenio, deberá someterse á Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ao ter a consideración a Fundación Semana Verde de poder adxudicador.

Terceira.- Obrigas da Axencia de Turismo de Galicia

A Axencia de Turismo de Galicia comprométese a colaborar no financiamento do custo das actuacións previstas a través de realización dun investimento polo importe establecido na cláusula segunda. Esta achega da administración faise para compensar os custos nos que vai incurrir a Fundación no desenvolvemento das actuacións previstas, e unha vez que a Fundación achegue a correspondente xustificación dos gastos efectuados.

Cuarta.- Obrigas da Fundación

A Fundación comprométese a:

- 1.- Desenvolver as actuacións recollidas na cláusula primeira deste convenio, e que constitúen o seu obxecto.
- 2- Incluír en toda a documentación e soportes específicos para o evento que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia e incluír a marca Xacobeo 27 de conformidade co Decreto 3/2026, do 26 de xaneiro, polo que se regula a utilización da marca Xacobeo 2027 e a marca "Galicia Calidade".
- 3-. Así mesmo con anterioridade á sinatura do convenio, a Fundación presentará unha declaración de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- 4- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino do investimento.
- 5- Subministrar á Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia de Turismo de Galicia das obrigas previstas no Título I da citada Lei.
- 6- Executar as actuacións obxecto do convenio.
- 7- Presentar, con anterioridade á sinatura do convenio, as certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e sociais e de non ter débedas pendentes por ningún concepto coa Xunta de Galicia.
- 8- As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que resulten aplicables.

Quinta.- Compatibilidade.

De acordo co disposto no artigo 40.1.d) do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a achega económica prevista no presente convenio será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

En ningún caso o importe das subvencións ás que se refire o parágrafo anterior poderá superar, no seu conxunto, o custo da actividade subvencionada, ao abeiro do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Sexta.- Xustificación e libramento dos fondos.

A xustificación dos fondos efectuarase segundo a modalidade de **conta xustificativa** con entrega de xustificantes de gasto, de acordo co previsto nos artigos 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 48 do seu Regulamento, e conterà con carácter xeral coa seguinte documentación:

-Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

-Memoria económica xustificativa das actividades realizadas, que contará:

- a) Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade.
- b) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente xunto coas transferencias bancarias ou outra documentación acreditativa do seu pagamento.
- c) Declaración doutras axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución (para os mesmos gastos subvencionables), das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

d) De ser o caso, os tres orzamentos que en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba ter solicitado o beneficiario.

De ser o caso, o expediente de contratación que tramitou a Fundación Semana Verde.

e) No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados destes.

A Fundación presentará así mesmo as certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e sociais e de non ter débedas pendentes por ningún concepto coa Xunta de Galicia, e detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten a colaboración da Xunta de Galicia e as marcas Xacobeo 2027 e Galicia Calidade.

Deberá indicarse un número de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.

Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia de Turismo de Galicia, expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio e tramitará o seu pagamento.

En todo caso, a cantidade máxima que se obriga a achegar a Axencia reducirase na mesma proporción que represente a cantidade xustificada respecto do orzamento total presentado.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou doutras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas a Fundación deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e concordantes do seu Regulamento.

O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención e realizar a execución do obxecto do convenio será dende a formalización do convenio ata o **30 de outubro de 2026**.

A documentación correspondente á xustificación presentarase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

Non obstante, non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio, e sempre que se xustifique o importe total do orzamento estimado para cada unha das actuacións.

O beneficiario, de conformidade co disposto no artigo 27 da Lei de subvencións de Galicia poderá subcontratar totalmente a actividade subvencionada, sendo de aplicación o disposto no citado artigo.

Sétima.- Pagamentos anticipados e a conta

Poderanse realizar pagamentos anticipados, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións obxecto deste convenio por un importe máximo do 50% da subvención concedida, e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario, de conformidade co disposto no artigo 63.1 Dous do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

Coa solicitude de anticipo, a Fundación terá que presentar certificacións de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non

ter pendentes de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Así mesmo, debe xuntarse declaración responsable da obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

Así mesmo poderanse realizar pagos a conta. Os ditos pagamentos a conta poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas. A suma dos pagamentos a conta máis os anticipos previstos no parágrafo anterior non poderá ser superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados, nin excederá da anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

Para proceder ao seu pagamento, a Fundación deberá enviar a documentación relacionada na cláusula sexta referida á xustificación. Os primeiros gastos xustificados servirán de xustificante do pagamento anticipado realizado. Unha vez xustificada a totalidade do anticipo, os seguintes gastos abonaranse mediante o sistema de pagamento a conta ata o límite do 80% referido.

De conformidade co disposto no citado artigo 65.4.b) do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, a Fundación **está exonerada de constituír garantía** relativa aos pagos a conta e anticipos previstos nesta cláusula.

Oitava.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio e da súa execución créase unha Comisión de Seguimento que estará integrada por un representante designado pola Fundación e un representante designado pola Axencia de Turismo de Galicia.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola persoa titular da Dirección da Axencia de Turismo de Galicia.

Novena.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non comportará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a Xunta de Galicia-Axencia de Turismo de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa, indirecta ou subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no seu desenvolvemento.

Décima.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura, terá vixencia ata o 31 de decembro de 2026, e financiará gastos correspondentes ás actuacións desenvolvidas para o cumprimento dos obxectivos nel establecidos, e que se realicen a partir do 1 de xaneiro do 2026.

Décimo primeira.- Resolución e modificación do convenio

1. Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O acordo unánime de tódolos asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

2. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

Calquera modificación do presente convenio deberá acordarse de xeito expreso e por escrito das partes asinantes e de acordo coa normativa vixente.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Décimo segunda.- Publicidade do convenio

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en diante) comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia de Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

Asemade, procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Décimo terceira.- Autorización e consentimento para que se publiquen os datos persoais e demais especificacións que figuran no convenio

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal e mailo resto das especificacións contidas no convenio.

Décimo cuarta.- Natureza xurídica e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente no artigo 6.2. Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006, que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia de Turismo de Galicia, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdiccional as citadas controversias.

Décimo quinta.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo sexta.- Protección de datos

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/679 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPD), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais dos asinantes deste convenio serán tratados por cada unha das partes co fin de xestionar a súa formalización e desenvolvemento, sendo imprescindible para iso que inclúan os seus datos identificativos, a representación da capacidade que ostenten, e a súa sinatura. A base lexitimadora do tratamento dos datos persoais dos asinantes é o cumprimento dunha misión realizada en interese público baseada na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na necesidade de tratar os devanditos datos para a execución do convenio suscrito. Respecto dos datos persoais sobre os que a Axencia de Turismo de Galicia ostenta a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar ante esta o acceso, rectificación e supresión, así como opoñerse ao seu tratamento a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos>. Contacto co/a delegado/a de protección de datos e información adicional en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

En canto aos datos persoais sobre os que la fundación ostenta a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar da devandita entidade o acceso, rectificación e supresión dos seus datos, así como opoñerse ao seu tratamento a través do enderezo sinalado no encabezamento do presente convenio.

Así mesmo, as partes garanten o cumprimento do deber de información previsto no artigo do RXPD respecto do persoal ao seu servizo, propio ou alleo, cuxos datos persoais sexan comunicados entre as partes para a execución dos seus compromisos.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan este documento na data da súa sinatura dixital.

Pola Axencia de Turismo de Galicia
O director

Polo Fundación Semana Verde de Galicia
O director xeral

José Manuel Merelles Remy

Ricardo José Durán Rodríguez